

INFORME PROPOSTA RESOLUCIÓN

Asunto. RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA A APROBACIÓN DAS BASES D E DISTINTOS PROCESOS SELECTIVOS.

Antecedentes administrativos.

1º.- En XGL de data 09/04/2018 e 16/04/2018 aprobaronse as bases dos proceso selectivos que se encontran publicadas na web municipal.


2º.- O 02/05/2018 con Re 6715 ten entrada escrito de don Adrian Nogueiro Rubinos *“impugnado as bases da convocatoria”*

Lexislación aplicable.

- RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Réxime Local (LBRL)
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aproba o Texto Refundido de las disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e los programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local (de carácter supletorio).
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado.
- Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, por el que se aproba o Texto Refundido de la Lei del Estatuto dos Traballadores.
- Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía.
- Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.
- .- Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común.
- .- Lei 40/2015 do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.
- .- Convenio Colectivo aprobado polo Concello.
- .- Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común.
- .- Lei 40/2015 do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Consideracións xurídicas

Primeira.- Debemos ter en conta que conforme ós artigos 123 e 124 da vixente Lei 39/2015 do procedemento administrativo común, é, á vista do disposto polo artigo 115.2 da mesma norma, ó dispoñer que o erro na ou a ausencia da calificación do recurso por parte do recorrente non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter, sitúanos ante a debida tramitación dun recurso de reposición fronte o acordo de XGL de data 16/04/2018 a probando as bases que nos ocupan que debe resolver ó mesmo órgano.



Así mesmo o artigo 118.2 da Lei 39/2015 indícanos que, de existir outros interesados, débese dar traslado do recurso a estes concedéndolles un prazo de alegacións de ó menos dez días hábiles.

No presente caso non existen outros interesados pois non consta solicitude algunha nos citados procesos de persoa que alegue discapacidade.

Segundo.- Entrando xa a coñecer o fodo do asunto compre salientar que o precepto citado polo recorrente do real decreto legislativo 1/2013 , polo que se aproba o texto refundido da lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social efectivamente dispón:

“1. Las empresas públicas y privadas que empleen a un número de 50 o más trabajadores vendrán obligadas a que de entre ellos, al menos, el 2 por 100 sean trabajadores con discapacidad. El cómputo mencionado anteriormente se realizará sobre la plantilla total de la empresa correspondiente, cualquiera que sea el número de centros de trabajo de aquélla y cualquiera que sea la forma de contratación laboral que vincule a los trabajadores de la empresa. Igualmente se entenderá que estarán incluidos en dicho cómputo los trabajadores con discapacidad que se encuentren en cada momento prestando servicios en las empresas públicas o privadas, en virtud de los contratos de puesta a disposición que las mismas hayan celebrado con empresas de trabajo temporal.”

Pero aina así este precepto non resulta aplicable a administración loca a cal non é una empresa pública como parece entender o recorrente se non una administración como tal.

E como tal administración a norma a aplicable ó caso que nos ocupa sería o artigo 59 do RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, que o efecto establece:

“Artículo 59 Personas con discapacidad


1. En las ofertas de empleo público se reservará un cupo no inferior al siete por ciento de las vacantes para ser cubiertas entre personas con discapacidad, considerando como tales las definidas en el apartado 2 del artículo 4 del texto refundido de la Ley General de derechos de las personas con discapacidad y de su inclusión social, aprobado por el Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de noviembre, siempre que superen los procesos selectivos y acrediten su discapacidad y la compatibilidad con el desempeño de las tareas, de modo que progresivamente se alcance el dos por ciento de los efectivos totales en cada Administración Pública.

La reserva del mínimo del siete por ciento se realizará de manera que, al menos, el dos por ciento de las plazas ofertadas lo sea para ser cubiertas por personas que acrediten discapacidad intelectual y el resto de las plazas ofertadas lo sea para personas que acrediten cualquier otro tipo de discapacidad.”

De modo que a obriga deste Concello é a reserva dun número de prazas non inferior ó 7 por cento na oferta de emprego público. A correspondente o ano 2018 foi recentemente aprobada e atopase pendente da súa debida publicación nos diarios oficiais correspondentes, na mesma solo se contempla unha praza polo que ó sete por cento da mesma corresponderíase cun 0'07 da praza o que impide a reserva indicada polo TREBEB pola súa imposibilidade.

Polo exposto procede desestimar os recursos de reposición interpostos por don ADRIAN NOGUEIRO RUBINOS contra a aprobación das bases dos seguintes procesos selectivos:

.- 4 AUXILIARES DE POLICIA LOCAL.



.- PEON ESPECIALISTA PARA O SERVIZO DE PARQUES E XARDINS E A CREACIÓN DUNHA LISTA DE AGARDA PARA A COBERTURA DAS EVENTUAIS VACATES QUE EN DITO POSTO SE POIDAN DAR.

.- LISTA DE RESERVA PARA A PROVISIÓN INTERINA DE PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACIÓN XERAL, ENCADRADAS NO GRUPO C, SUBGRUPO C2.

De acordo co decreto de delegación de 18 de xuño de 2015, elevase a Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO.- Polos motivos expostos neste informe, desestimar os recursos de reposición interpostos por don ADRIAN NOGUEIRO RUBINOS contra a aprobación das bases dos seguintes procesos selectivos:

.- 4 AUXILIARES DE POLICIA LOCAL.

.- PEON ESPECIALISTA PARA O SERVIZO DE PARQUES E XARDINS E A CREACIÓN DUNHA LISTA DE AGARDA PARA A COBERTURA DAS EVENTUAIS VACATES QUE EN DITO POSTO SE POIDAN DAR.

.- LISTA DE RESERVA PARA A PROVISIÓN INTERINA DE PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACIÓN XERAL, ENCADRADAS NO GRUPO C, SUBGRUPO C2.

SEGUNDO.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello informando ós interesados de que contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderá o interesado interpor recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da publicación deste acto.

Monforte, 2 de maio de 2018.

A TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL

Asdo.- Elisa Martínez Arias.

